


## A cultura de Galiza condena ao PP por considerar "electoralista" a viaxe á Habana

[GZnación / Redacción / 10 Mar 08]



Escritores, editores e ilustradores galegos emitiron hoxe un comunicado conxunto para rexeitar as manifestacións do voceiro de Cultura do Partido Popular de Galiza sobre que a conselleira Ánxela Bugallo viaxou á Feira do Libro da Habana "cun séquito superior ao dun xefe de Estado".

Acusan a López-Chaves de saber de antemán "cal era o orzamento asignado a este evento", contra o que puido presentar emendas, o cal demostra que "o debate é oportunista" e que "foi provocado para crear dúbidas na cidadanía non contexto dunha campaña electoral".

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg), a Asociación Galega de Editores (Age), a Asociación Galega de profesionais da Ilustración (Agpi) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) defenden que os participantes galegos na Feira da Habana foron a Cuba polas súas "capacidades literarias, artísticas e profesionais contrastadas" e "non pola súa adscrición política".

Os afectados consideran que a denominación "séquito" aplicada á representación do colectivo editorial, literario e artístico de Galiza "supón un inaceptábel desprezo á cultura en xeral e á do noso país en particular".

Para rematar, lamentan que o PPdeG "non valore ou feito histórico" de que Galiza asista por primeira vez como país convidado nun evento cultural "de tal magnitude" e acusan a López-Chaves de "faltar á verdade" sobre as actuacións na Feira do Libro, "encamiñadas a presentar, dignificar e enxalzar a nosa riqueza cultural".